

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 28 DE SETEMBRO DO 2023.

ASISTENTES:

<p>Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p> <p>Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA FURONES RAMOS JUAN LUIS PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e oito de Setembro do Dous mil vinte e tres, reúnenos os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 10/08/2023

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/165

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/09/2023. DECRETO: "Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de "MELLORA DO FIRME EN CAMIÑOS DO LUGAR DE TEIRA (CORRUBEDO)""

3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/195

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/09/2023. DECRETO: "Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en



principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE ASEOS PARA PÚBLICO E CANTINA NO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL A FIEITEIRA”

4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/233

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/09/2023. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE “SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE UN SISTEMA DE PRODUCCIÓN, GRABACIÓN Y EMISIÓN DE EVENTOS EN EL AUDITORIO DE RIBEIRA PARA LA MODERNIZACIÓN DE LOS SISTEMAS DIGITALES DE VIDEO, FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATIONEU””

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/237

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/09/2023. DECRETO: “RECTIFICACIÓN ERROR MATERIAL PROYECTO, DECLARACIÓN DE NECESIDAD Y PCAP, PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE OBRAS DE “REHABILITACIÓN Y MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DE LA CASA CONSISTORIAL DE RIBEIRA. REFORMA INTERIOR E INSTALACIONES.”. (PIREP 1) - REACT-UE NEXT GENERATION””

6.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/238

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/09/2023. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DE “INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO EN CAMPELOS (OLVEIRA)””

7.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/253

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 21/09/2023. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUERIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN DEL CONTRATO DENOMINADO “SUMINISTRO E INSTALACION DE LUMINARIAS EN EL MALECON, PLAZA AYUDANTIA DE MARINA - OFICINA DE TURISMO””

8.- SOLICITUDE DE BAIXA NO VIVEIRO DE EMPRESAS - DESPACHO Nº 9 - CENTRO TECNOLÓXICO DO BARBANZA

Visto contrato de cesión de despacho no Viveiro de Empresas propiedade do Concello de Ribeira, situado no lugar de Fafián nº 29 de Ribeira, asinado o 28/08/2020, no que se lle cede o despacho sinalado co número 9 ao Centro tecnolóxico do Barbanza e os dous anexos



ao contrato inicial asinados o 24/08/2022 e o 28/08/2023 respectivamente de prórrogas de cesión do citado despacho.

Vista a cláusula Terceira do contrato: "(...) Para resolver o contrato anticipadamente ao vencemento contratado OS CESIONARIOS deberá notificalo ao Concello de Ribeira, de xeito fidedigno ata o 15 do mes anterior ao que vaia a surtir efectos a baixa".

Visto o escrito presentado por D^a. Tania Rodriguez Cadillo, con DNI 53483326T, en representación do Centro Tecnolóxico do Barbanza, CIF F70585658, de data 13/09/2023, que tivo entrada no concello de Ribeira o 13/09/2023 e con número de rexistro de entrada 202320861, no que **SOLICITA** "TRAS DIVERSOS ACONTECEMENTOS RECENTES, DENDE CENTRO TECNOLÓXICO DO BARBANZA, CON GRAN PESAR, VÉMONOS NA OBRIGA DE CESAR A NOSA ACTIVIDADE, POLO QUE SOLICITAMOS A FINALIZACIÓN DO NOSO CONTRATO ESTE MESMO MES DE SEPTEMBRO NO VIVEIRO DE EMPRESAS".

Visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Desenvolvemento Local, María Paz Vidal, de data 20/09/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- Que se proceda á baixa no Viveiro de Empresas do Centro Tecnolóxico do Barbanza, con CIF F70585658 que ocupaba o despacho número 9 con data de efectos do 30/09/2023, xa que como establece o seu contrato a baixa hai que avisala ata o 15 do mes anterior ao que vaia a surtir efectos.
- Notifíquese aos interesados e dese conta ao departamento de Tesourería

9.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUNS POSTOS DE VENDA AMBULANTE – Eva María Petrovich Díaz

Visto o escrito presentado por **Eva María Petrovich Díaz**, de data 21/09/2023 (Rexistro de entrada nº 21.819), no que solicita autorización para a instalación de dous postos de venda ambulante (Patacas: 2,00 m. x 3,00 m.//Mojitos: 2,00 m. x 1,50 m.), na Rúa de Pontevedra, Ribeira (Fronte ao establecemento hostaleiro "Desván", o día 31/12/2023 (Día de Fin de Ano).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Eva María Petrovich Díaz** para a instalación de dous postos de venda ambulante (Patacas: 2,00 m. x 3,00 m.//Mojitos: 2,00 m. x 1,50 m.), na Rúa de Pontevedra, Ribeira (Fronte ao establecemento hostaleiro "Desván", o día 31/12/2023 (Día de Fin de Ano).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



10.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Miguel Ángel Petrovich Costa

Visto o escrito presentado por **Miguel Ángel Petrovich Costa**, de data 21/09/2023 (Registro de entrada nº 21.799), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas e perritos), na Avenida do Malecón, Ribeira (Fronte ao establecemento hostaleiro “Bulebar”, durante o mes de novembro de 2023 ata o mes de abril de 2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Informar** a Miguel Ángel Petrovich Costa que deberá solicitar autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas e perritos), na Avenida do Malecón, Ribeira, á entidade **PORTOS DE GALICIA**, ao ser o ente titular do espazo solicitado.
- Como alternativa, autorizar** a Miguel Ángel Petrovich Costa para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas e perritos), na Avenida Rosalía de Castro, Ribeira, durante o mes de novembro de 2023 ata o mes de abril de 2024.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 19.09.2023:

- 18920 16.08.2023 HERMINIA GARCÍA CAMEÁN, reparación da fachada traseira e lateral esquerdo de vivenda situada na rúa Bandiarregro, 29, Corrubedo.
- 19006 17.08.2023 MARÍA MARTÍNEZ GARCÍA, retirada de tella e colocación de unha nova, na rúa da Barreira, 36, Ribeira.
- 19323 23.08.2023 CRISTINA GONZÁLEZ MUÑÍZ, cambio de ventanas, na rúa Falcoeiro, 3-3º-B, Aguiño.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 21.09.2023:

- 11196 05.05.2023 SVI 40 CONTRATAS, SERVICIOS E INGENIERÍA, S.L.U., reparación de fachada e limpeza, lonxa de Aguiño.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 22.09.2023:

- 19475 25.08.2023 MANUELA AGRELO LAMPÓN, peche de finca, no lugar de Vixán, Carreira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 25.09.2023:

- 18317 04.08.2023 ANXO M. GARCÍA CRUJEIRAS, limpeza de fachada, na rúa Concha, nº 8, Castiñeiras.



- 19943 01.09.2023 COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO ABALO RÚA GALICIA 65, saneado e pintado de cuberta, na rúa Galicia, 65, Ribeira.
- 19685 29.08.2023 ANA MARIA LÓPEZ MIGUÉNS, adaptación de un cuarto de baño a baño accesible, na rúa Mestre Lorenzo Mene Trabadell 41-AO1 A, Palmeira.
- 20552 08.09.2023 JUANA POUSO MAYÁN, cambio de ventanas en Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 46-1º-C, Ribeira.

12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Fontanería Aguirre, S.L.

Visto o escrito presentado por César Aguirre de Pedro en representación de **Fontanería Aguirre, S.L.**, de data 13/09/2023 (Rexistro de entrada nº 20.862), no que solicita certificación urbanística en relación á vivenda con refª catastral nº 3849105NH0134N0062MT, sita Rúa do Norte nº 48, Portal 3, Ático - C, Urbanización - Palmeira, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/09/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con indepenca do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á en relación á vivenda con refª catastral nº 3849105NH0134N0062MT, sita Rúa do Norte nº 48, Portal 3, Ático - C, Urbanización - Palmeira, Ribeira

13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Daniel Silva Vilas

Visto o escrito presentado por **Daniel Silva Vilas**, de data 13/09/2023 (Rexistro de entrada nº 20.887), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita en parcela con refª catastral nº 15074A035001210000KM, na Rúa Barreiro, Palmeira, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/09/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con indepenca do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita en parcela con refª catastral nº 15074A035001210000KM, na Rúa Barreiro, Palmeira, Ribeira.

14.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR Dª MIOARA NICOLETA POPA POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POLA SÚA FILLA POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2022 RESP000010.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dª MIOARA NICOLETA POPA** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade,



como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 20 de abril de 2022, D^a Mioara Nicoleta Popa, con DNI número X8348418Q, ía camiñando coa súa filla de tres anos pola Rúa Romero Ortiz cara o seu domicilio, sito no número 54 da citada Rúa, cando, de súpeto, a nena tropezou cuns anacos de ferro que estaban na rúa na que se estaban realizando obras, o que fixo que a nena caera ó chan.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a nena tivo que ser atendida no Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron traumatismo craneoencefálico leve.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 21/04/2022 co número 7.599, D^a Mioara Nicoleta Popa promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas pola súa filla, solicitando unha indemnización total de 3.642,9 euros, cantidade que desglosa en escrito rexistrado de entrada na data 10/10/2022 co número 19.472, da seguinte forma:

- 1.842,9 euros por 45 días invertidos na curación, dos que 15 días se cualifican como moderados e 30 días como básicos.
- 1.800 euros por 2 puntos de secuelas por estrés postraumático.

Co escrito rexistrado de entrada na data 10/10/2022 co número 19.472, achega a seguinte documentación:

- Informe de alta de urxencias realizado na data 20/04/2022 pola doutora Claudia Ana Cortizo Domínguez do Hospital da Barbanza.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido pola entidade contratista das obras, rexistrado de entrada na data 28/01/2023 co número 202300002394; informes emitidos pola Policía local nas datas 20/04/2022 e 29/03/2023; Acta testemuñal realizada na data 31/03/2023; e informe emitido pola enxeñeira municipal na data 17/08/2023.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós/ás interesados/as por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que a reclamante achega escrito de alegacións, rexistrado de entrada na data 01/09/2023 co número 19.893, e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



FIRMANTE - FECHA



TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Mioara Nicoleta Popa para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido a súa filla menor de idade as consecuencias lesivas do accidente** ocorrido na data



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231175691
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 29/09/2023 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/09/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/09/2023 13:20:48		Fecha: 29/09/2023 Hora: 13:20



20/04/2022 en vía pública, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser a administración que estaba a executar as obras na Rúa Romero Ortiz, cuxo titular é a Deputación Provincial da Coruña ó formar parte, a citada rúa, da estrada DP 7308, segundo informe emitido na data 17/08/2023 pola enxeñeira municipal.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola filla da Sra. Mioara Nicoleta Popa. Así se deduce do informe de alta de urxencias do Hospital da Barbanza que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións coas obras que se estaban a realizar polo Concello de Ribeira na mencionada rúa pola que transitaba cara o seu domicilio na data do accidente.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia do accidente** polo que se reclama, como así o fai constar no seu **informe emitido na data 20/04/2022** como consecuencia da comparecencia da reclamante nas dependencias da Policía local, e no que dispón o seguinte: *“Se hace constar que se persona en las Dependencias de la Policía Local, la madre de la menor comunicando que viene del hospital debido a que su hija se cayó en la Avenida Romero Ortiz. Que la madre de la menor quiere dejar manifestación de lo sucedido y adjuntar un parte de lesiones, lo cual se adjunta al Parte existente. Que la menor personada en las dependencias se le observa una herida y una contusión en la parte frontal de la cabeza. Que tras tomarle manifestación a la madre de la menor, los agentes reseñados se desplazan a la Avenida Romero Ortiz junto a la madre al lugar en donde sufrió la caída. **Que realizada una inspección ocular se hace constar que la calle Avenida Romero Ortiz se encuentra en obras realizadas por la empresa ANSPAL S.L., que la calle en la que existieron los hechos es de responsabilidad municipal. Que la calle a su inicio y final se encuentra señalaba por señal de R101 (Prohibido entrada) junto con un cartel con la nomenclatura “Calle cortada por OBRAS”. Que en el lugar aproximado donde existen los hechos se encuentra el suelo levantado, sobresaliendo los registros de alcantarillas. Que la madre nos señala una alcantarilla como el motivo por el cual su hija se tropezó y se cayó. Que la madre nos enseña el recorrido que realiza la niña, la cual no iba sujeta por su madre y tropieza contra esta alcantarilla golpeándose contra el suelo. Que el lugar aproximado de los hechos es a la altura del Bar Rock and Rolla.”***
- Na fase de instrución deste expediente a Policía local emite informe no que reitera o referido no informe anterior: *“2. (...) Que dicha calle se observa en obras en donde están realizando un levantamiento del asfalto existente y colocando adoquines. **Que la señal R101 tiene una señal junto con un cartel que indica calle cortada por obras.** Que tambien existe una alcantarilla en donde se*



encuentra parcialmente tapada. 3. **Que la alcantarilla la cual nombra la madre (donde tropieza su hija) se encuentra fija en el suelo pero que parte de su base se encuentra descubierta al estar realizando obras. Que los agentes no observaron en hora y lugar de los hechos, ya que la madre compareció en horas posteriores, pero que en el lugar visualizada la alcantarilla puede observarse que pudiera tropezar la persona al ir no agarrada de la madre y ser menor de edad.** 4. **Si existían varias señales una de ellas R101 (entrada prohibida), tres señales de color amarillo y fondo negro con el texto “Calle Cortada por obras” y unas vallas.** Que dichas señales estaban colocadas en la Calle Romero Ortiz con Avenida Malecón y en la Rúa Romero Ortiz con Rúa Canteira. (...) 6. **Que la calle se encuentra levantado el aglomerado por las obras que se encuentran varias vallas en el recorrido de la calle indicando los obstáculos.** (...)”

- A entidade CONSTRUCCIONES ANSPAL S.L., como entidade contratista das obras que se estaban a realizar, informa canto segue: “**Que la empresa que represento, Construcciones Anspal S.L. ha sido la adjudicataria de las obras del proyecto “Pavimentación da Rúa Romero Ortiz”. Que las obras de dicho proyecto dieron comienzo el 24 de enero de 2022 y finalizaron el 08 de julio de 2022. Que no tenemos constancia de dicho accidente. Que existía señalización para el paso rodado y peatonal. Que estaban las zonas delimitadas, en la parte inferior de la calle desde la rotonda hasta el cruce de rúa Galicia y Manzanares, incluyendo la Plaza Compostela, las aceras no se han demolido quedando esta superficie para el uso de peatones, desde la esquina superior de la plaza Compostela hasta el final de la delimitación de obra estaban señalizadas las zonas de paso. No existían trozos de hierro en las zonas de paso.**”
- No departamento de obras públicas do Concello de Ribeira non se tivo constancia do sucedido, dispoñendo a enxeñeira municipal o seguinte con respecto ao estado da rúa: “(...) En la fecha del accidente, esto es el día 20/04/2022, se estaban ejecutando las obras del proyecto “Pavimentación de la Calle Romero Ortiz”, llevada a cabo por el Ayuntamiento de Ribeira con el correspondiente permiso de la Diputación Provincial. La empresa adjudicataria de la misma fue “Construcciones Anspal S.L.”. **No se ha tenido constancia en este departamento que durante el desarrollo de las obras la zona no estuviera perfectamente señalizada e identificada como zona de obras, con sus espacios preparados para el paso de peatones. Non se ha tenido constancia en este departamento de la existencia de trozos de hierro en las zonas de paso de los transeúntes. Observando el Parte del Servicio número 3599 realizado por la Policía Local, parece ser que “el trozo de hierro” al que se refiera la reclamante es su escrito de reclamación es el registro de una alcantarilla que sobresalía de la calle como consecuencia de las obras. Ese registro de saneamiento está en la zona de rodadura de la calle, no en la zona delimitada para el paso de transeúntes, y además es perfectamente visible con la luz del día.** (...)”.
- A declaración da testemuña proposta pola reclamante afirma que no lugar da caída viu que existía un ferro cravado no chan como consecuencia das obras que se estaban a realizar nesas intres na rúa. Pensa que a existencia dese ferro foi o que provocou a caída da nena. **Había sinais na rúa que indicaban a existencia das obras que se estaban a executar, pero que non prohibían o paso de peóns. A rúa si que estaba cortada ó tráfico de vehículos. Durante as obras o**



estado da rúa era perigoso sobre todo para o tránsito dos nenos e persoas maiores.

Da análise das probas referidas, extraemos as seguintes conclusións:

- ✓ Que a rúa Romero Ortiz na data do accidente (20/04/2022) estaba en obras.
- ✓ Que a zona estaba perfectamente sinalizada e identificada como zona de obras.
- ✓ Que non se procedeu a demoler as beirarrúas quedando este espazo para o uso dos peóns.
- ✓ Que non resulta certo que houbera un ferro cravado no chan como consecuencia das obras e que ese ferro fora consecuencia da caída da nena, tal e como afirma a testemuña presentada pola reclamante e a propia reclamante no seu escrito de reclamación (contradiciendo o que afirma na súa comparecencia nas dependencias policiais).
- ✓ Que parece probable que a nena tropezara co rexistro dun sumidoiro que sobresaía da rúa como consecuencia das obras.
- ✓ Que o rexistro do sumidoiro atopase nunha zona de rodadura da rúa non na zona delimitada para o paso de peóns.
- ✓ Que a nena, de tres anos de idade na data da caída, non ía da man da súa nai.
- ✓ Que o rexistro do sumidoiro era perfectamente visible e apreciable por calquera viandante.
- ✓ Que a reclamante tiña que ser coñecedora dabondo da situación da rúa por ter o seu domicilio habitual na mesma.

Sentado o anterior, hai que partir da regra xeral, segundo a cal é esixible ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é quebrada, por introducirse, neste caso, un elemento estraño na relación xurídica controvertida, cal é o da **culpa da vítima, circunstancia que, cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración**, tal e como establece de modo reiterado o Consello de Estado e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo.

No presente caso, resulta que o estado da rúa Romero Ortiz como consecuencia das obras que se estaban a realizar era evidente e manifesto, pois existían sinais indicativas das obras e exteriorizaban a existencia das mesmas, alertando ós peóns dilixentes sobre o risco para a seguridade que a deambulación pola zona podía producir, e, en calquera caso, habilitando a exaltación da dilixencia debida a aplicar dado o estado da zona.

A este respecto, e en base ás conclusións extraídas da fase de instrución do expediente, enténdese que **é a actuación da reclamante** como nai da nena accidentada, que se conduciu de modo descoidado ou falto de atención suficiente, ante a notoria e, polo tanto, necesariamente advertida presenza de obras na rúa, **a desencadenante do suceso** (pasou pola zona non habilitada para o paso de peóns e non levaba á súa filla de tres anos pola man nunha zona en obras), **conduta sen a cal non pode entenderse que a caída se tivera producido**. E tal modo de actuación apreciase no presente caso o suficientemente relevante como para erixirse na única circunstancia determinante dos danos polos que se reclama.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 21/09/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**



Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Mioara Nicoleta polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

15.- VAO PERMANENTE – Bodegas La Parra, S.A.

Visto o escrito presentado por Manuel Álvarez Vázquez en representación de **Bodegas La Parra, S.A.**, de data 18/09/2023 (Rexistro de entrada nº 21.489), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao almacén situado en A Mamoá, nº 6 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 20/09/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Bodegas La Parra, S.A.**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (10,00 m.), na entrada ao almacén situado en A Mamoá, nº 6 (Ribeira), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

16.- SOLICITUDE CAMBIO DE TITULARIDADE DE VAO PERMANENTE – Juan Tomé Fernández

Visto o escrito presentado por **Juan Tomé Fernández**, de data 21/08/2023 (Rexistro de entrada nº 19.161), no que solicita o cambio de licenza de vao permanente a nome de Josefa Baamonde Silva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** o cambio de licenza temporal de vao permanente outorgada a Juan Tomé Fernández, a favor de **Josefa Baamonde Silva**.

17.- SOLICITUDE DE CONTROL DE VELOCIDADE E INSTALACIÓN DE REDUCTORES DE VELOCIDADE (AMPLIACIÓN INFORME POLICIAL) - María Crujeiras Pérez

Visto o escrito presentado por **María Crujeiras Pérez**, de data 16/08/2023 (Rexistro de entrada nº 18.907), no que solicita a instalación de bandas reductoras de velocidade e sinalización de límite de velocidade na Rúa Valle Inclán (Ribeira).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada en data 07/09/2023, no que se insta á Policía Local para que emita informe adicional sobre a posibilidade de instalar pequenos lombos na Rúa Valle Inclán (Ribeira), como elemento disuasorio de velocidade.



Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 20/09/2023, no que sinala:

“ASUNTO, posibilidade de instalar reductor de velocidade “Lomo de asno”

En relación con el escrito arriba referenciado para la instalación de reductor de velocidad “Lomo de asno” en la calle Valle Inclán de Ribeira, el oficial con número profesional 239019 INFORMA.

Los reductores de velocidad denominados “lomos de asno” vienen regulados por ORDEN FOM/3053/2008, de 23 de septiembre, por la que se aprueba la Instrucción Técnica para la instalación de reductores de velocidad y bandas transversales de alerta en carreteras de la Red de Carreteras del Estado.

3. Reductores de velocidad.

3.1 Definición. –Son dispositivos colocados sobre la superficie de rodadura, cuya finalidad es la de mantener unas velocidades de circulación reducidas a lo largo de ciertos tramos de vía. Su efectividad reside en el hecho de crear una aceleración vertical en los vehículos al atravesar los dispositivos, que transmite incomodidad a los conductores y ocupantes cuando se circula a velocidades superiores a las establecidas. Los Reductores de Velocidad (RDV), más comunmente utilizados, se clasifican, atendiendo a su geometría, en los siguientes tipos:

Reductores de velocidad de sección transversal trapezoidal (paso peatonal sobreelevado). Estos dispositivos cumplen la función de pasos peatonales, situándose su rasante a un nivel ligeramente superior al del firme. A efectos legales le son de aplicación las disposiciones vigentes relativas tanto a pasos de peatones como a reductores de velocidad.

3.2.2 Limitaciones. –No podrán instalarse Reductores de Velocidad salvo justificación técnica en los siguientes casos: En los tramos de la red que no tengan consideración de travesía. A estos efectos, podrán considerarse como travesías aquellos tramos cuyo régimen de circulación, tráfico y usos sean similares al de estas (por ejemplo, proximidades de rotondas en entornos periurbanos de las carreteras denominadas «vía parque», rondas urbanas, penetraciones urbanas, etc.), y su velocidad sea inferior a 50 km/h.

Su instalación así como las condiciones viene reseñado en la Orden arriba mencionada. El caso que nos ocupa la calle Valle Inclán, la creación de un paso de peatones reductor de velocidad “Lomo de Asno”, implica la supresión de 2 plazas de estacionamiento, y según conversación mantenida con la solicitante esta medida no es de agrado de los vecinos que estacionan sus vehículos en la calle.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** non proceder á instalación de reductores de velocidade, tipo “Lombo de Asno” na Rúa Valle Inclán (Ribeira) polas razóns esgrimidas no citado informe policial adicional e que consta no expediente.

18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Felipe Fernández Carracedo

VISTO o escrito presentado por **Felipe Fernández Carracedo**, en representación do establecemento “Gastrocervería Penín”, de data 21/09/2023 (Rexistro de entrada nº 21.823), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Gastrocervería Penín” (Ribeira), o día 29 de setembro de 2023, en horario de 20:30 h. a 00:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas



instruções) a Felipe Fernández Carracedo, para evento musical no establecemento hostaleiro “Gastrocervercería Penín” (Ribeira), o día 29 de setembro de 2023, **en horario de 20:30 h. a 00:00 h. máximo**, nas condicións establecidas pola “Instruções de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor de “Gastrocervercería Penín” (Ribeira) (**Felipe Fernández Carracedo**), **deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*



- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais,



procederáse a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuela Pérez Pouso

VISTO o escrito presentado por **Manuela Pérez Pouso**, en representación do establecemento “Pedra Pateira”, de data 25/09/2023 (Rexistro de entrada nº 22.172), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 30 de setembro de 2023, en horario de 22:00 h. a 00:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a Manuela Pérez Pouso, para evento musical no establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 30 de setembro de 2023, **en horario de 22:00 h. a 00:00 h. máximo**, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor de “Pedra Pateira” (Ribeira) (**Manuela Pérez Pouso**), deberá



estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:



- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

20.- APERCIBIMENTO PORTOS DE GALICIA - MERCADILLO SEMANAL

Visto o escrito presentado por **Portos de Galicia**, de data 20/09/2023 (Rexistro de saída nº 122/RX1771280), rexistrado de entrada en data 20/09/2023 co nº 21.746, no que se insta ao Concello de Ribeira a que se realice un control exhaustivo do estado de limpeza na zona portuaria onde se sitúa o mercadillo semanal, e para que non se tiren plásticos e outro materiais ao mar.

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito de referencia e, por unanimidade do presentes, **acorda** que se tomen as medidas oportunas para que esta situación non se volva a repetir, dando traslado á Policía Local para que realice os controis necesarios.

21.- PROPUESTA DE SEÑALIZACIÓN DE PROHIBICIÓN DE ESTACIONAMIENTO EN RÚA PORTO DE CORRUBEDO.

Vista a proposta presentada pola **Policía Local**, de data 11/08/2023, relativa á instalación de sinalización vertical de prohibición de estacionamento en Rúa Porto (Corrubedo), por ser un lugar de tráfico intenso de peóns en épocas vacacionais, xa que nel se ubican diversos locais destinados ao ocio, e co fin de elevar o nivel de garantía da seguridade vial dos peóns.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda** autorizar a instalación de sinalización vertical de prohibición de estacionamento en Rúa Porto (Corrubedo), segundo o contido da citada proposta, **previa autorización de Portos de Galicia**.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:35 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

